UNHA XEOGRAFÍA ATORMENTADA

javier teniente

Casa das Artes

CONCELLO DE VIGO

Panamá 2004

UNHA XEOGRAFÍA ATORMENTADA

javier teniente

.....

Casa das Artes. Concello de Vigo

17 de xuño - 5 de setembro 2021

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

CONCELLO DE VIGO

JAVIER TENIENTE

Unha xeografía atormentada

.....

Casa das Artes. Concello de Vigo
17 de xuño - 5 de setembro 2021

CONCELLO DE VIGO

Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Abel Losada Álvarez
Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego

Jesús López Moure
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Pilar Egea Torrón
Técnica de Recursos e Programas

CATÁLOGO

Edición
Servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo

Textos
Abel Caballero Álvarez
Jorge Lens
Javier Teniente

Fotografía orixinal
Javier Teniente

Tradución e revisión lingüística
A.T.I. (Agencia de Traductores e Intérpretes)

Deseño, xestión e produción do catálogo
Ecovigo

Impresión e encadernación
Cartáz S.L.

© dos textos: os autores
© das fotografías: Javier Teniente
© da edición: Concello de Vigo
Depósito Legal: VG 362-2021
ISBN: 978-84-92425-40-2

EXPOSICIÓN

Promoción e xestión
Servizo de Museos Municipais
Área de Cultura do Concello de Vigo

Comisariado
Jorge Lens (Universidade de Vigo)

Impresións fotográficas
Copias de Autor
Juan Manuel Castro Prieto
Javier Teniente

Enmarcado fotografías
Quadro Enmarcaciones

Rotulación
CdC

Produción e montaxe
Sacaferro S.L.

Os instantes extraordinarios de Javier Teniente

.....

Cada fotografía é como unha pequena xanela pola que podemos asomarnos a un instante atrapado no tempo. Unha imaxe que, moitas veces, pode ter a carga expresiva de mil palabras.

As fotografías de Javier Teniente, téñena. A súa mirada repleta de sensibilidade é capaz de captar algo moito máis profundo que o que vemos nun primeiro plano: recolle a natureza dunha época, dun personaxe, dun acontecemento.

Coñecemos por primeira vez ao fotógrafo vigués cando era testemuña da actualidade na prensa diaria, que el mesmo asegura que foi a súa gran escola. Xa nese momento era capaz de observar os acontecementos máis banais dunha forma diferente a como o facemos a gran maioría. O seu obxectivo atrapaba as historias, os sentimentos, as persoas que están detrás das noticias. Sorprendíanos cunha visión especial, cun xesto que para o resto pasara desapercibido. Aí, no medio desas historias aparentemente cotiás, Teniente era capaz de realizar fotografías extraordinarias.

Hoxe, Teniente segue contando historias, inspirando ao público, animándoo a reflexionar libremente. Son relatos completos nunha soa imaxe, miradas que non deixan a ninguén indiferente.

É un privilexio percorrer nesta exposición algunhas das mellores instantáneas dos máis de 25 anos de carreira de Javier Teniente, moitas delas inéditas. Gocemos da súa certeira mirada, que é arte, comunicación, documento e testemuña. Un paseo entre a beleza e o horror da man dun dos nosos fotógrafos de referencia.

No mundo dos teléfonos con cámara, das redes sociais e os *selfie* ilimitados, esta mostra lémbranos con contundencia que facer unha foto non consiste só en disparar unha cámara. Hai algo intanxible neste oficio que Javier Teniente posúe e que nos ofrece nas súas imaxes.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo

Almería 2017

O compromiso da mirada: a realidade aumentada

.....

Jorge Lens

Desde a súa creación, a fotografía naceu como unha ferramenta ideal para a documentación, nun momento no que o coñecemento do mundo se facía a través de gravados e pinturas. Tal foi a súa capacidade para representar a realidade que non tardou en que os gobernos da época cederan á fotografía a función de documentar e catalogar todo tipo de patrimonio artístico que atesouraban os diferentes países: igrexas, pontes medievais, castelos, etc. Así, por exemplo, naceron as Misións Heliográficas, un plan que a Comisión de Monumentos Históricos, unha axencia dependente do goberno francés, puxo en marcha en 1851 a través do cal contrataron a 5 fotógrafos de renome co fin de preservar a imaxe dos monumentos franceses en placas fotográficas.

Este feito dá unha idea non só da capacidade asignada á fotografía á hora de representar a realidade, senón tamén do seu incalculable valor como depósito de memoria de rostros, paisaxes e cidades. Aínda hoxe, coa veracidade da fotografía en cuestión e cun uso desorbitado de imaxes que cega a nosa capacidade para interpretar o mundo, a función documental da fotografía non só non se debe perder senón que é necesario que haxa profesionais que, a través da súa ollada particular, nos ofrezan pistas sobre unha realidade cada vez máis confusa.

Javier Teniente (Vigo, 1968) leva máis de 25 anos ofrecendo a súa visión persoal deste mundo problemático. O seu sentido humanístico e o seu compromiso coa fotografía levárono a viaxar a territorios hostís para atopar un punto de luz nos desastres naturais ou ante algunha das disputas e revoltas armadas que sacoden o noso planeta. Fotógrafo de oficio, Javier Teniente deambula polas periferias dos conflitos para amosarnos as historias máis persoais que agochan os grandes titulares.

Lonxe dunha mirada *folclórica* sobre a pobreza, que segundo palabras de Lourdes Grobet se limita a unha "(...) mera explotación visual do seu aspecto, nunha explotación máis do desgraciado"[1], as fotografías de Javier Teniente desprenden compromiso e honestidade, resultado non só dunha mirada serena e tranquila senón do exercicio previo de investigación e a busca do coñecemento de cada realidade que el fotografa. A denuncia realízase, neste caso, mediante unha análise sincera do problema, un brillante uso da linguaxe fotográfica e unha distribución consciente e controlada das súas fotografías, normalmente a través de varias ONG ou en publicacións cuxo compromiso coa fotografía e a humanidade están fóra de toda dúbida: a realidade aumentada.

Nalgunhas culturas orientais críase que a través da fotografía extraíase a alma das persoas retratadas.

No caso de Teniente, é a súa alma a que se espalla cada vez que emprende unha viaxe fotográfica. Dendas súas primeiras obras persoais -onde escarvou nalgunha das historias máis duras da nosa cidade- ata as súas viaxes máis afastadas, Javier realiza unha inmersión total -non só fotográfica- que se reflicte perfectamente na interpretación do mundo que transmiten todas as súas imaxes. Á fin e ao cabo, como afirma José Manuel Navia nesa maxistral lección de fotografía que se converteu nun sagrado oráculo para tantos fotógrafos documentais, "A fotografía non está aquí para describir o mundo senón para dar a nosa visión persoal do mundo"[2]. Noutras palabras, Javier Teniente non fotografa o que ve, senón o que sente.

A visión de Javier baséase nunha posición periférica sobre o conflito que fai que o seu obxectivo non se centre tanto no epicentro da traxedia, senón na poboación que tantas veces sofre indirectamente as consecuencias da mesma. Dedica especial importancia aos danos colaterais causados polos problemas e, a pesar de ser pouco amigo do aparello militar, o seu desexo de contar as cousas levouno a presenciar experiencias terribles, sempre contadas coa serenidade e o tempo que requiren este tipo de situacións. Amante da fotografía clásica, da que precisa dun tempo e dun espazo, as súas imaxes móvense entre a cor e o branco e negro, pero sempre con esa capacidade innata de sintetizar nun puñado de fotos as consecuencias da barbarie deste mundo atormentado.

Así, en *Unha Xeografía Atormentada* -a exposición que dá orixe a este catálogo- reúnese por primeira vez unha boa parte do traballo fotográfico de Javier Teniente, desde os anos 90 ata a actualidade. Sen a intención de converterse nunha exposición retrospectiva, a mostra abrangue moitos daqueles escenarios convulsos nos que este documentalista lanzou a súa mirada máis sensible. Haití, Iraq, Timor, Senegal, Sueste Asiático, India ou Kosovo protagonizan algunhas das series que poderemos contemplar nesta exposición, que carecería de sentido sen a mirada reflexiva que cada un de nós deposite sobre elas.

---

[1]Sobre o paternalismo e o *folclorismo* na fotografía, resulta moi esclarecedor o relatorio *Imaxes da miseria: folclore ou denuncia* que a fotógrafa Lourdes Grobet presentou no Coloquio Latinoamericano de Fotografía, celebrado na cidade de México en 1981. A totalidade do texto está recollido en: MARZO, José Luís (ed.), *Fotografía y activismo*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona, 2006, pp. 37- 45.

[2]Charla impartida o 20 de marzo de 2014 polo fotógrafo José Manuel Navia no Museu del Disseny de Barcelona con motivo das xornadas organizadas polos Centres Cívics de Barcelona, *Objetiv BCN*. *Retratem la ciutat*. A presentación pódese ver na súa totalidade en: https://vimeo.com/89692572

Éxodo kosovar 1999



Éxodo kosovar 1999

Haití

.....

Javier Teniente

No mes de febreiro de 2004 estaba a piques de regresar por terceira vez a Iraq, pero de súpeto as noticias que chegaban de Haití fixéronme cambiar de rumbo. Un exército de ex militares e antigos membros de bandas sublevároнse contra o presidente Jean-Bertrand Aristide e avanzaban cara á capital tomando as cidades ao seu paso, era unha nova guerra no país máis pobre de América.

Finalmente lograron o seu propósito e Aristide viuse obrigado a marchar.

Entrei na capital o mesmo día que os rebeldes. O domingo 7 de marzo convócase unha manifestación de apoio ao novo réxime. Acoden miles de persoas e debido ao risco de enfrontamentos hai tamén moita presenza de soldados americanos e franceses. A manifestación transcorre tranquila e chega ata o palacio presidencial, lugar onde finaliza o percorrido. Alí a xente comeza a bailar e gritar consignas a favor do novo réxime, ata que de súpeto soan algúns disparos e todo o mundo comeza a correr. Eu estaba neses momentos con Ricardo Ortega, de Antena 3. Corremos en contra da xente, cara á rúa de onde proveñen os disparos e alí atopámonos con algúns feridos no chan. O tiroteo é moi intenso e parapetámonos detrás duns contedores. Eu decido saír para fotografar os feridos e Ricardo sae detrás de min. Todo é confuso e moi perigoso, pois non se sabe exactamente de onde proveñen os disparos. Un home é alcanzado na cabeza a uns metros de onde me atopo, e detéñome a fotografalo. Sigo tomando fotos e ao intre busco coa mirada a Ricardo, véxoo camiñar co seu intérprete rúa arriba. Eu sigo por outra rúa onde hai un enfrontamento cos primeiros soldados que chegan ao lugar e ao intre recóllenme outros compañeiros fotógrafos e saímos de alí. Xa no coche infórmannos por teléfono de que hai varios xornalistas feridos, entre eles un fotógrafo español. Posteriormente acudo ao hospital onde se confirma que un dos falecidos é Ricardo.

Meses despois volvín a Haití para realizar unha reportaxe sobre as inundacións na cidade de Gonaives. Alí atopeime cun equipo de Antena 3 que realizaba un documental en homenaxe a Ricardo. Tras as investigacións para tentar esclarecer que foi o que ocorrera ese día, confirman a munición empregada e tras examinar as imaxes que el mesmo gravara coa súa cámara, chegouse á conclusión de que foi abatido polo disparo dun soldado americano.

Haití 2004

Iraq

.....

Javier Teniente

Cheguei a Bagdad nos primeiros días do mes de maio de 2003, un par de semanas despois de que o presidente dos EEUU, George W. Bush, anunciase o final da guerra.

A cidade, sen goberno, estaba sumida no caos. Os saqueos de palacios, vivendas, hospitais, museos e calquera edificio público eran continuos e a plena luz do día. Os restos da batalla xacían inertes nas rúas como recordos doutra época. Tanques iraquís esnaquizados, coches e autobuses calcinados, presa fácil dunha maquinaria de guerra desapiadada, atascaban moitas rúas e todos os edificios gobernamentais mostraban as feridas do conflito.

Durante as primeiras xornadas acompañei a un equipo de cirurxiáns españois da ONG Médicos del Mundo ao hospital AL Karj, no que realizaban varias intervencións cada mañá. O espectáculo era desolador: xente con queimaduras salvaxes provocadas por explosións, feridos por bala, pernas e brazos esnaquizados... Unha nai sentada no chan do corredor co seu pequeno de dez ou once anos tombado entre os seus brazos, só cuberto cunha pequena saba que deixa ver o seu peito en carne viva, queimado, mírame aos ollos. O neno tamén me mira. Non chora, pero polo seu xesto imaxínome a súa dor, así como a dor que sofre a nai. Uns metros máis aló un home pasea da man dunha muller, a súa cabeza totalmente oculta por unha aparatosa vendaxe que só deixa ver os seus ollos, unha mirada perdida. Moitos dos feridos máis graves que chegaban, e eran moitos cada día, eran nenos aos que lles explotara algún dos miles de restos de explosivos sen detonar que se atopan esparexidos por calquera lugar e que, pola súa forma e cores, teñen un gran atractivo para os xogos dos máis pequenos.

Eu preguntábame se sería verdade que a guerra terminara...

Os mercados das rúas énchense de xente nas primeiras horas da mañá e as tendas de electrodomésticos exhiben nas beirarrúas os seus novos produtos estrela, as antenas parabólicas e os teléfonos vía satélite, totalmente prohibidos durante a ditadura de Sadam.

Os nenos corren con xúbilo e balbordo ao paso dun blindado americano, e unha anciá envolta en teas negras levanta a man saudando cun sorriso na súa boca, quizais esperanzada de que os seus netos teñan algunha oportunidade de gritar libremente no novo Iraq.

Iraq 2003

Iraq 2003

República Dominicana 2004



Mauritania 1998

Mauritania 1998

Mozambique 2000

Ecuador

.....

Javier Teniente

Ás tres da madrugada tomo o autobús que me levará ata Namirez, xa ao pé da selva amazónica do Oriente ecuatoriano.

Unha vez no pobo, un pequeno vehículo mestura de autobús e camión levarame por unha pista de terra durante hora e media ata que por fin chegamos a Nambija. Nalgunhas zonas, a pequena Chiva (así lle chaman ao vehículo) dá a impresión de que vai caer por un dos impresionantes precipicios que bordeamos. Cóntanme que cando chove durante uns días seguidos o camiño é intransitable. Por sorte, estes días non choveu demasiado...

Nambija está situado nas ladeiras dun escarpado val, por cuxo fondo corre o río do mesmo nome. Era este antes un río de augas cristalinas, e agora totalmente contaminado polo mercurio que empregan para separar o ouro do resto de minerais.

É un lugar que dá medo. A xente mírame con receo e sen sorrisos. Despois de falar con algúns deles, indícanme que a maioría das minas están pechadas... Fai uns 20 anos, chegaron a vivir aquí 20.000 mineiros atraídos pola febre do ouro, pero hoxe en día non quedan máis que uns 2.000. Viven co mínimo, en cabanas de madeira e sen servizos de ningún tipo. A maioría dos mineiros sofren afeccións provocadas pola inhalación do mercurio, e xa ocorreron varias traxedias con centos de mortos pola rudimentaria técnica de extracción utilizada; hai bares, prostitutas, alcol e drogas, delincuencia e criminalidade...

Despois de moitas xestións, consigo que un mozo me faga de guía, e lévame a visitar a mina dos Zapatas. Dannos permiso para baixar ao túnel onde están a perforar. O túnel dun metro e medio de alto por un de ancho, está iluminado por lámpadas. Unha cada seis metros aproximadamente. Cheira a gas e vai moita calor. De cando en vez temos que deixar pasar a algún dos mozos que cargan os sacos co mineral ata o exterior. Son sacos duns 40 quilos. Unha vez na trituradora separan os minerais empregando mercurio. O ambiente é moi perigoso pola inhalación de gases. Un lugar pouco recomendable para facer turismo...

Ecuador 2002



Honduras 1998

Senegal 2005

Tsunami, Sumatra

.....

Javier Teniente

Cheguei a Banda Aceh nun dos primeiros avións fretados pola Asociación Española de Cooperación Internacional (AECI), cargado con axuda humanitaria e persoal sanitario.

O espectáculo era dantesco, inimaxinable para ninguén que non estivese alí. Nin a mellor das fotografías sería capaz de mostrar con fidelidade tal grao de destrución. Lembraba ás imaxes da segunda guerra mundial das cidades destruídas tras meses de bombardeos.

Cada día recollíanse entre 2.500 a 3.000 cadáveres entre os restos das casas destruídas. Tras un primeiro día de traballo bastante duro, tívenme que reformular como ía contar o que estaba a ver. As escenas eran realmente crúas e o cheiro a morto impregnouse de tal maneira no meu corpo e na miña cabeza que xa non me abandonou ata varias semanas despois de deixar o país. Finalmente decidín mostralo dunha maneira máis difusa, non se podería evitar a dureza dalgunhas imaxes, pero tentaba que non fosen demasiado evidentes. Tamén pensei que unha boa maneira de contalo sería a través da paisaxe, paradisíaca nalgúns lugares, e ao mesmo tempo desolador.

Indonesia 2005



Vigo 2000

Timor 1999

India 2000

Tanzania 2001

Tanzania 2001

Los instantes extraordinarios de Javier Teniente

.....

Cada fotografía es como una pequeña ventana por la que podemos asomarnos a un instante atrapado en el tiempo. Una imagen que, muchas veces, puede tener la carga expresiva de mil palabras.

Las fotografías de Javier Teniente, la tienen. Su mirada repleta de sensibilidad es capaz de captar algo mucho más profundo que lo que vemos en un primer plano: recoge la naturaleza de una época, de un personaje, de un acontecimiento.

Conocemos por primera vez al fotógrafo vigués cuando era testigo de la actualidad en la prensa diaria, que él mismo asegura que fue su gran escuela. Ya en ese momento era capaz de observar los acontecimientos más banales de una forma diferente a cómo lo hacemos la gran mayoría. Su objetivo atrapaba las historias, los sentimientos, las personas que están detrás de las noticias. Nos sorprendía con una visión especial, con un gesto que para el resto había pasado desapercibido. Ahí, en medio de esas historias aparentemente cotidianas, Teniente era capaz de realizar fotografías extraordinarias.

Hoy, Teniente sigue contando historias, inspirando al público, animándolo a reflexionar libremente. Son relatos completos en una sola imagen, miradas que no dejan a nadie indiferente.

Es un privilegio recorrer en esta exposición algunas de las mejores instantáneas de los más de 25 años de carrera de Javier Teniente, muchas de ellas inéditas. Disfrutemos de su certera mirada, que es arte, comunicación, documento y testigo. Un paseo entre la belleza y el horror de la mano de uno de nuestros fotógrafos de referencia.

En el mundo de los teléfonos con cámara, de las redes sociales y los *selfi* ilimitados, esta muestra nos recuerda con contundencia que hacer una foto no consiste solo en disparar una cámara. Hay algo intangible en este oficio que Javier Teniente posee y que nos ofrece en sus imágenes.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo

El compromiso de la mirada: la realidad aumentada

Jorge Lens

Desde sus inicios, la fotografía nació como una herramienta ideal para la documentación, en una época donde el conocimiento del mundo se realizaba a través de grabados y pinturas. Tal era su capacidad para representar la realidad que poco tardaron los gobiernos de la época en ceder a la fotografía la función de documentar y catalogar todo tipo de patrimonio artístico que atesoraban los diferentes países: iglesias, puentes medievales, castillos, etc. Así nacieron, por ejemplo, las Misiones Heliográficas, un plan que la Comisión de Monumentos Históricos, una agencia dependiente del gobierno francés, puso en marcha en 1851 mediante el cual contrataron a 5 reconocidos fotógrafos con el fin de preservar la imagen de los monumentos franceses en placas fotográficas.

Este hecho da idea no sólo de la capacidad que se le asignaba a la fotografía a la hora de representar la realidad sino de su valor incalculable como depositario de la memoria de rostros, paisajes y ciudades. Incluso hoy en día, con la veracidad de la fotografía en entredicho y con un uso de imágenes desorbitado que llega a cegar nuestra capacidad para interpretar del mundo, la función documental de la fotografía no sólo no debería perderse sino que es necesario que existan profesionales que, a través de su mirada particular, nos ofrezcan pistas sobre una realidad cada vez más confusa.

Javier Teniente (Vigo, 1968) lleva desde hace más de 25 años ofreciendo su visión personal sobre este mundo convulso. Su sentido humanista y su compromiso con la fotografía le ha llevado a viajar a territorios hostiles para buscar un punto de luz en las desgracias naturales o ante algunas de las disputas y revueltas armadas que sacuden nuestro planeta. Fotógrafo de oficio, Javier Teniente deambula por las periferias de los conflictos para mostrarnos las historias más personales que se esconden tras los grandes titulares.

Lejos de una mirada *folklorista* sobre la miseria, aquella que en palabras de Lourdes Grobet se limita a una "(...) mera explotación visual de su apariencia, en una explotación más de los miserables"[1], las fotografías de Javier Teniente desprenden compromiso y honestidad, fruto no sólo de una mirada serena y reposada sino del ejercicio previo de investigación y búsqueda de conocimiento de cada realidad que fotografía. La denuncia se realiza, en este caso, a través de un ejercicio sincero de análisis del problema, una utilización brillante del lenguaje fotográfico y una distribución consciente y controlada de sus fotografías, normalmente a través de diversas ONG o en publicaciones cuyo compromiso con la fotografía y la humanidad están fuera de toda duda: la realidad aumentada.

En algunas culturas orientales se pensaba que a través de la fotografía se extraía el alma de las personas retratadas. En el caso de Teniente, es su alma la que se esparce cada vez que emprende un viaje fotográfico. Desde sus primeros trabajos personales -donde escarbó en algunas de las historias más ásperas de nuestra ciudad- hasta sus viajes más lejanos, Javier realiza una inmersión total -no sólo fotográfica- que se plasma perfectamente en la interpretación del mundo que transmiten todas sus imágenes. A fin de cuentas, tal y como afirma José Manuel Navia en esa lección magistral de fotografía que se ha convertido

en oráculo sagrado para tantos fotógrafos documentales, "La fotografía no está aquí para describir el mundo sino para dar nuestra visión personal del mundo"[2]. En otras palabras, Javier Teniente no fotografía lo que ve, sino lo que siente.

La visión de Javier se apoya en un posicionamiento periférico sobre el conflicto que hace que su objetivo se focalice no tanto en el epicentro de la tragedia sino en la población que tantas veces sufre indirectamente las consecuencias del mismo. Le dedica especial importancia a los daños colaterales que producen los problemas y pese a ser poco amigo del aparataje bélico, sus ganas de contar las cosas le han llevado a presenciar experiencias terribles, siempre contadas con la serenidad y el tiempo que requieren este tipo de situaciones. Amante de la fotografía clásica, de la que necesita de un tiempo y de un espacio, sus imágenes transitan entre el color y el blanco y negro, pero siempre con esa innata capacidad de sintetizar en un puñado de fotos las consecuencias de la barbarie de este mundo atormentado.

Así, en *Unha Xeografía Atormentada* -la exposición que da pie a este catálogo- se ha reunido por primera vez buena parte del trabajo fotográfico de Javier Teniente, desde los años 90 hasta la actualidad. Sin ánimo de convertirse en una exposición retrospectiva, la muestra recorre muchos de aquellos escenarios convulsos en los que este documentalista depositó su mirada más sensible. Haití, Irak, Timor, Senegal, el Sudeste Asiático, India o Kosovo protagonizan algunas de las series que podremos contemplar en esta exposición, que carecería de sentido sin la mirada reflexiva que cada uno de nosotros deposite sobre ellas.

---

1 Sobre el paternalismo y el *folklorismo* en la fotografía, es muy esclarecedora la ponencia *Imágenes de miseria: folclor o denuncia* que la fotógrafa Lourdes Grobet presentó en el II Coloquio Latinoamericano de Fotografía, celebrado en México D.F. en 1981. Este texto está recogido en: MARZO, José Luís (ed.), *Fotografía y activismo*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona, 2006, pp. 37- 45.

2 Charla impartida el 20 de marzo de 2014 por el fotógrafo José Manuel Navia en el Museu del Disseny de Barcelona con motivo de las jornadas organizadas por los Centres Cívics de Barcelona, *Objetiv BCN. Retratem la ciutat*. La ponencia puede verse íntegra en: https://vimeo.com/89692572

Haití

.....

Javier Teniente

En el mes de febrero de 2004 estaba a punto de regresar por tercera vez a Irak, pero de repente las noticias que llegaban de Haití me hicieron cambiar de rumbo. Un ejército de ex militares y antiguos miembros de pandillas se habían sublevado contra el presidente Jean-Bertrand Aristide y avanzaban hacia la capital tomando las ciudades a su paso, era una nueva guerra en el país más pobre de América.

Finalmente lograron su propósito y Aristide se vio obligado a marchar.

Entré en la capital el mismo día que los rebeldes. El domingo 7 de marzo se convoca una manifestación de apoyo al nuevo régimen. Acuden miles de personas y ante el riesgo de enfrentamientos hay también mucha presencia de soldados americanos y franceses. La manifestación transcurre tranquila y llega hasta el palacio presidencial, lugar donde finaliza el recorrido. Allí la gente comienza a bailar y gritar consignas a favor del nuevo régimen, hasta que de pronto suenan algunos disparos y todo el mundo comienza a correr. Yo estaba en esos momentos con Ricardo Ortega, de Antena 3. Corremos en contra de la gente, hacia la calle de donde provienen los disparos y allí nos encontramos con algunos heridos en el suelo. El tiroteo es muy intenso y nos parapetamos detrás de unos contenedores. Yo decido salir para fotografiar los heridos y Ricardo sale detrás de mí. Todo es confuso y muy peligroso, pues no se sabe exactamente de donde provienen los disparos. Un hombre es alcanzado en la cabeza a unos metros de donde me encuentro, y me detengo a fotografiarle. Sigo tomando fotos y al rato busco con la mirada a Ricardo, le veo caminar con su intérprete calle arriba. Yo sigo por otra calle donde hay un enfrentamiento con los primeros soldados que llegan al lugar y al rato me recogen otros compañeros fotógrafos y salimos de allí. Ya en el coche nos informan por teléfono de que hay varios periodistas heridos, entre ellos un fotógrafo español. Posteriormente acudo al hospital donde se confirma que uno de los fallecidos es Ricardo.

Meses después volví a Haití para realizar un reportaje sobre las inundaciones en la ciudad de Gonaives. Allí me encontré con un equipo de Antena 3 que realizaban un documental en homenaje a Ricardo. Tras las investigaciones para intentar esclarecer que fue lo que había ocurrido ese día, confirmar la munición empleada y tras examinar las imágenes que él mismo había grabado con su cámara, se llegó a la conclusión de que fue abatido por el disparo de un soldado americano.

Irak

.....

Llegué a Bagdad en los primeros días del mes de mayo de 2003, un par de semanas después de que el presidente de los EEUU, George W. Bush, hubiese anunciado el final de la guerra.

La ciudad, sin gobierno, estaba sumida en el caos. Los saqueos de palacios, viviendas, hospitales, museos y cualquier edificio público eran continuos y a plena luz del día. Los restos de la batalla yacían inertes en las

calles como recuerdos de otra época. Tanques iraquíes destrozados, coches y autobuses calcinados, presa fácil de una maquinaria de guerra despiadada, atascaban muchas calles y todos los edificios gubernamentales mostraban las heridas del conflicto.

Durante las primeras jornadas acompañé a un equipo de cirujanos españoles de la ONG Médicos del Mundo al hospital Al Karj, en el que realizaban varias intervenciones cada mañana. El espectáculo era desolador: gente con quemaduras salvajes provocadas por explosiones, heridos por bala, piernas y brazos destrozados... Una madre sentada en el suelo del pasillo con su pequeño de diez u once años tumbado entre sus brazos, sólo cubierto con una pequeña sábana que deja ver su pecho en viva carne, quemado, me mira a los ojos. El niño también me mira. No llora, pero por su gesto me imagino su dolor, así como el dolor que sufre la madre. Unos metros más allá un hombre pasea de la mano de una mujer, su cabeza totalmente oculta por un aparatoso vendaje que sólo deja ver sus ojos, una mirada perdida.

Muchos de los heridos más graves que llegaban, y eran muchos cada día, eran niños a los que les había explotado alguno de los miles de restos de explosivos sin detonar que se encuentran esparcidos por cualquier lugar y que, por su forma y colores, tienen un gran atractivo para los juegos de los más pequeños.
Yo me preguntaba si sería verdad que la guerra había terminado

Los mercadillos callejeros se llenan de gente en las primeras horas de la mañana y las tiendas de electrodomésticos exhiben en las aceras sus nuevos productos estrella, las antenas parabólicas y los teléfonos vía satélite, totalmente prohibidos durante la dictadura de Sadam.

Los niños corren con júbilo y griterío al paso de un blindado americano, y una anciana envuelta en telas negras levanta la mano saludando con una sonrisa en su boca, quizás esperanzada de que sus nietos tengan alguna oportunidad de gritar libremente en el nuevo Irak.

Ecuador

.....

A las tres de la madrugada tomo el autobús que me llevará hasta Namirez, ya en las estribaciones de la selva amazónica del Oriente ecuatoriano.

Una vez en el pueblo, un pequeño vehículo mezcla de autobús y camión me llevará por una pista de tierra durante hora y media hasta que por fin llegamos a Nambija. En algunas zonas, la pequeña Chiva (así llaman al vehículo) da la impresión de que se va a caer por uno de los impresionantes precipicios que bordeamos. Me cuentan que cuando llueve durante unos días seguidos el camino es intransitable. Por suerte, estos días no ha llovido demasiado...

Nambija está situado en las laderas de un escarpado valle, por cuyo fondo corre el río del mismo nombre. Era este antes un río de aguas cristalinas, y ahora totalmente contaminado por el mercurio que utilizan para separar el oro del resto de minerales.

Es un lugar que da miedo. La gente me mira con recelo y sin sonrisas. Después de hablar con algunos de

ellos, me indican que la mayoría de las minas están cerradas... Hace unos 20 años, llegaron a vivir aquí 20.000 mineros atraídos por la fiebre del oro, pero hoy en día no quedan más que unos 2.000. Viven con lo mínimo, en cabañas de madera y sin servicios de ningún tipo. La mayoría de los mineros sufren afecciones provocadas por la inhalación del mercurio, y ya han ocurrido varias tragedias con cientos de muertos por la rudimentaria técnica de extracción utilizada; hay bares, prostitutas, alcohol y drogas, delincuencia y criminalidad...

Después de muchas gestiones, consigo que un joven me haga de guía, y me lleva a visitar la mina de los Zapatas. Nos dan permiso para bajar al túnel donde están perforando. El túnel de un metro y medio de alto, por uno de ancho, está iluminado por bombillas. Una cada seis metros aproximadamente.

Huele a gas y hace mucho calor. De vez en cuando hemos de dejar pasar a alguno de los jóvenes que cargan los sacos con el mineral hasta el exterior. Son sacos de unos 40 kilos. Una vez en la moledora separan los minerales utilizando mercurio. El ambiente es muy peligroso por la inhalación de gases. Un lugar poco recomendable para hacer turismo...

Tsunami, Sumatra

.....

Llegué a Banda Aceh en uno de los primeros aviones fletados por la Asociación Española de Cooperación Internacional (AECI), cargado con ayuda humanitaria y personal sanitario.

El espectáculo era dantesco, inimaginable para nadie que no haya estado allí. Ni la mejor de las fotografías sería capaz de mostrar con fidelidad tal grado de destrucción. Recordaba a las imágenes de la segunda guerra mundial de las ciudades destruidas tras meses de bombardeos.

Cada día se recogían entre 2.500 a 3.000 cadáveres entre los restos de las casas destruidas. Tras un primer día de trabajo bastante duro, me tuve que replantear como iba a contar lo que estaba viendo. Las escenas eran realmente crudas y el olor a muerto se impregno de tal manera en mi cuerpo y en mi cabeza que ya no me abandonó hasta varias semanas después de dejar el país. Finalmente decidí mostrarlo de una manera más difusa, no se podría evitar la dureza de algunas imágenes, pero intentaba que no fuesen demasiado evidentes. También pensé que una buena manera de contarlo sería a través del paisaje, paradisiaco en algunos lugares, y al mismo tiempo desolador.

Javier Teniente

Javier Teniente

Comezou a traballar como fotógrafo nos diarios *Atlántico* e *Faro de Vigo*. Aí aprende o oficio e tras uns anos de experiencia inicia a súa carreira como fotógrafo documental que lle levará dun extremo a outro do mundo, cubrindo algúns dos máis importantes conflitos provocados pola acción da guerra, a marxinación e os desastres naturais das últimas décadas. As súas fotografías son publicadas en revistas e periódicos como *El País Semanal, Geo, Interviú, Magazine* do xornal *La Vanguardia, El Mundo* ou *Tiempo* e colabora con organizacións internacionais como Médicos del Mundo, Médicos sin Fronteras, ou Acción contra el Hambre. Entre os anos 1998/2005 a colaboración coa ONG Médicos del Mundo deu lugar ao libro e a exposición *Emerxencias Humanitarias* que foi mostrada en cidades Europeas como Londres, París, Atenas, Roma, Madrid entre outras.

No ano 2000 é convidado a participar na exposición *Imaxes para a Dignidade* xunto a algúns dos mellores fotógrafos de reportaxe do mundo, entre eles Sebastião Salgado ou Paolo Pellegrin e expón tamén en PhotoEspaña e a Fotobienal de Vigo.

No 2002, a Oficina Humanitaria da Unión Europea (BOTO) publica un calendario para toda Europa cunha selección das súas fotografías, e publícase tamén o seu libro *Mans Salgadas* (Edicións Xerais). Un ano máis tarde, a exposición viaxa polas principais cidades de Galicia e posteriormente é exhibida no Forum de Barcelona.

No 2006 participa no proxecto *FotogrÁfrica, Vidas ao redor da SIDA*, no que ademais de realizar unha reportaxe, imparte durante un mes un taller de fotografía en Saint Louis, Senegal, dirixido a persoas seropositivas e que sería posteriormente exposto na Casa Acesa de Madrid. Tamén durante ese ano expón no festival de Fotoxornalismo Revela e comeza unha colaboración nun proxecto chamado *Un camiño, sete miradas* sobre o Camiño de Santiago, mostrándose posteriormente en diferentes cidades europeas e de Latinoamérica.

Entre os anos 2005/2010 desenvolve un traballo sobre a pesca artesanal, *Fillos do Océano*, un ambicioso traballo que lle leva a visitar dezaoito comunidades de pescadores en diferentes lugares do mundo e que se materializa finalmente nunha exposición que foi exhibida no Museo do Mar de Galicia ou no Museu Maritim de Barcelona entre outros moitos lugares e un libro que foi publicado pola editorial Blume en decembro de 2016.

No 2018 trasládase a vivir ao rural galego onde inspirado pola natureza que lle rodea e o nacemento da súa filla Lía crea *Corgo*, un rexistro totalmente diferente ao feito ata ese momento e continúa con *Terra Dentro*, unha mirada cara ao territorio de interior e o despoboamento en España.

Recibiu importantes premios entre os que destacan o *Premio Internacional Luís Valtueña de Fotografía Humanitaria* en dúas ocasións (2003/2005), o *Premio Galicia de Comunicación* en 2004 e no 2006 unha Mención Especial nos *Ortega e Gasset* de xornalismo.

Javier Teniente

Comenzó a trabajar como fotógrafo en los diarios *Atlántico* y *Faro de Vigo*. Ahí aprende el oficio y tras unos años de experiencia inicia su carrera como fotógrafo documental que le llevará de un extremo a otro del mundo, cubriendo algunos de los más importantes conflictos provocados por la acción de la guerra, la marginación y los desastres naturales de las últimas décadas.
Sus fotografías son publicadas en revistas y periódicos como *El País Semanal, Geo, Interviú, Magazine* de *La Vanguardia, El Mundo* o *Tiempo* y colabora con organizaciones internacionales como Médicos del Mundo, Médicos sin Fronteras, o Acción contra el Hambre. Entre los años 1998/2005 la colaboración con la ONG Médicos del Mundo dio lugar al libro y la exposición *Emergencias Humanitarias* que fue mostrada en ciudades Europeas como Londres, París, Atenas, Roma, Madrid entre otras.

En el año 2000 es invitado a participar en la exposición *Imágenes para la Dignidad* junto a algunos de los mejores fotógrafos de reportaje del mundo, entre ellos Sebastião Salgado o Paolo Pellegrin y expone también en PhotoEspaña y la Fotobienal de Vigo. En el 2002, la Oficina Humanitaria de la Unión Europea (ECHO) publica un calendario para toda Europa con una selección de sus fotografías, y se publica también su libro *Mans Salgadas* (Edicións Xerais). Un año más tarde, la exposición viaja por las principales ciudades de Galicia y posteriormente es exhibida en el Forum de Barcelona.

En el 2006 participa en el proyecto *FotogrÁfrica, Vidas alrededor del SIDA*, en el que además de realizar un reportaje, imparte durante un mes un taller de fotografía en Saint Louis, Senegal, dirigido a personas seropositivas y que sería posteriormente expuesto en la Casa Encendida de Madrid. También durante ese año expone en el festival de Fotoxornalismo Revela y comienza una colaboración en un proyecto llamado *Un camino, siete miradas* sobre el Camino de Santiago, mostrándose posteriormente en diferentes ciudades europeas y de Latinoamérica.

Entre los años 2005/2010 desarrolla un trabajo sobre la pesca artesanal, *Hijos del Océano*, un ambicioso trabajo que le lleva a visitar dieciocho comunidades de pescadores en diferentes lugares del mundo y que se materializa finalmente en una exposición que fue exhibida en el Museo del Mar de Galicia y en el Museu Maritim de Barcelona entre otros lugares y un libro que fue publicado por la editorial Blume en diciembre de 2016.

En el 2018 se traslada a vivir al rural gallego donde inspirado por la naturaleza que le rodea y el nacimiento de su hija Lía crea *Corgo*, un registro totalmente diferente a lo hecho hasta ese momento y continúa con *Tierra Adentro*, una mirada hacia el territorio de interior y la despoblación en España.

Ha recibido importantes premios entre los que destacan el *Premio Internacional Luis Valtueña de Fotografía Humanitaria* en dos ocasiones (2003/2005), el *Premio Galicia de Comunicación* en 2004 y en el 2006 una Mención Especial en los *Ortega y Gasset* de periodismo.

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO